

## FABRICANDO CHOIVA

Este experimento permítenos reproducir o proceso polo que a auga condensada nas nubes precipítase sobre a terra en forma de choiva. É dicir, descubrir como cae a choiva.

### Material :

- ✚ Un vaso con auga
- ✚ Escuma de afeitar
- ✚ Colorante ou témperas

### Pasos que debemos dar:

- ✚ Enche un vaso de auga ata máis aló da metade e ponlle escuma de afeitar.
- ✚ En varios cuncos mestura auga con colorantes ou témperas.
- ✚ Con axuda dunha culler ou gotero, ve engadindo a mestura de colorante á escuma.
- ✚ Esta irá caendo a través da nube ata crear formas multicolores de choiva.

### Explicación:

A auga do vaso fai as veces de aire, mentres que a escuma de afeitar representa a ese vapor de auga que se converteu en nubes. Agora imaxinamos como o colorante é o vapor de auga que se arrefriou e modificou o seu estado de gasoso a líquido, caendo de novo á terra en forma de choiva.

